COLEXIO PROFESIONAL DE XORNALISTAS DE GALICIA

ACTA DO FALLO DO PREMIO SOMOS ESENCIAIS 2020

O Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia, en colaboración con Gadis, organiza o 'Premio Somos Esenciais', un premio de xornalismo para poñer en valor o traballo realizado polos profesionais da información durante a pandemia da Covid-19 no ano 2020.

O pasado 10 de xuño de 2021, ás 18.30 horas, reuníronse os membros do xurado a través de videoconferencia para revisar as propostas enviadas e elixir o traballo gañador. Asistiron: Francisco X. González Sarria, decano do CPXG; Xosé Ramón Pousa Estévez, decano da Facultade de Ciencias da Comunicación da Universidade de Santiago de Compostela; Belén Regueira Leal, vicedecana segunda do CPXG, Iria Rodríguez Martínez, responsábel de Relacións Públicas e Responsabilidade Social Corporativa do Grupo Gadisa; Pablo Santiago Martínez, membro da Xunta Directiva de AGARESO; Cristina de la Vega Jiménez, xefa de Comunicacions e Relacions Institucionais da Area Sanitaria A Coruña-Cee e representante da Asociación Nacional de Informadores de Saúde; e Darío Janeiro Pereira, secretario do CPXG e tamén do premio, do que levantou a presente acta.

O secretario deu conta dos traballos recibidos, 39 entre prensa, radio, televisión, fotografía e internet. A continuación, o xurado debateu para elixir o traballo gañador, dotado cun premio único de 1.500 euros e diploma acreditativo.

Finalmente, o xurado decidiu outorgar o premio 'Somos Esenciais 2020' a ***Isabel Bravo Francos,*** xornalista de ***Radio Coruña – Cadena SER***, polo seu traballo '***Cando as preguntas aínda non tiñan resposta'***, por poñer en valor a información local e darlle voz ás fontes expertas no primeiro día de estado de alarma, cando aínda se descoñecían moitas das implicacións da pandemia.

Concédeselle a mención especial como *finalista* a ***Angel Paniagua Pérez,*** de ***La Voz de Galicia***, pola reportaxe ***'La uci del covid, desde dentro: «No somos héroes»'***, un retrato sobre as UCIs elaborado tamén nos primeiros momentos da pandemia.

O xurado quere deixar constancia da alta calidade dos traballos presentados, o que dificultou moito a selección dos traballos gañadores. As 39 candidaturas recibidas son un exemplo magnífico do labor realizado polos xornalistas durante a pandemia, o que reforza o seu papel de colectivo esencial. Nunca a información á cidadanía foi tan necesaria como neste momento de crise sanitaria, social e económica. Igualmente, a cantidade de proxectos enviados ao certame remarca o interese desta iniciativa do CPXG en colaboración con Gadis.

A organización realizará un pequeno acto de entrega do premio nunha data por determinar, do que se dará cumprida información.

Sen máis asuntos que tratar, e facendo constar o agradecemento da organización aos membros do xurado polo seu traballo, así como os parabéns para a gañadora, o finalista e o resto de participantes, levántase a sesión.

E, para que así conste, asínase esta acta en Santiago de Compostela, 10 de xuño de 2021.

Darío Janeiro
Secretario do Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia